

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Convenio urbanístico de execución de planeamento sector S-R5 (vial SX-VI1d). Información pública do texto inicial.

Expediente: 2025/U039/000005.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 5 de maio de 2025, acordou aprobar o texto inicial do *Convenio urbanístico de execución de planeamento entre o concello de Carballo e os propietarios da parcela coa referencia catastral 5456926NH2855N0000JX, para a cesión da superficie de terreo de 3604 m² que se corresponden co tramo viario «SX-VI1d Pb int»* e que forman parte da dita parcela catastral.

Polo que se somete o texto inicial do dito convenio ao trámite de información pública polo prazo dun (1) mes mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o documento e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 12.30 h e neste taboleiro como documento adxunto.

Carballo, 9 de maio de 2025 (asinado dixitalmente á marxe)
O alcalde – Evencio Ferrero Rodríguez